DATOS & INFORMES

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

►10/02/2015

O turismo cultural en Galicia (2013 e avance 2014)

A elaboración do seguinte documento de traballo ten como obxectivo analizar o papel do turismo cultural en Galicia, a súa influenza no desenvolvemento socioeconómico da comunidade e os posibles beneficios que este reverte na economía galega. Neste senso, ofrécense datos de carácter xeral sobre turismo nacional, turismo dos galegos, turismo internacional e turismo de cruceiros, á vez que se afonda en variables como o gasto total dos turistas españois e estranxeiros que chegan á comunidade galega e dos propios galegos nas viaxes que realizan fóra de Galicia por motivos culturais. Os indicadores de emprego e afiliacións á Seguridade Social do sector veñen a completar este mapa de situación.

Complétase cuns datos de especial relevancia como son os relativos ao Camiño de Santiago. A súa significación e particularidade, por unha banda, e o notable volume de peregrinos e visitantes que se achegan á comunidade autónoma polo interese que esperta esta ruta, xustifica a investigación deste fenómeno como un activo importante dentro do turismo cultural en Galicia.

Preséntase información relativa ao número de viaxes e ao gasto total realizado, xunto con indicadores do seu peso no total de viaxes e naquelas realizadas por ocio, lecer ou vacacións. Ademais, ofrécese a información relativa ás viaxes realizadas por motivos culturais dos residentes en Galicia. Todos estes datos proceden da explotación que fai o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte na súa *Encuesta de Turismo Cultural* das enquisas FAMILITUR, FRONTUR e EGATUR do Instituto de Estudios Turísticos, menos os avances de 2014 que foron consultados das fontes orixinais. Os datos de peregrinación son proporcionados pola Oficina de Acollida de Peregrinos, dependente da Fundación Catedral de Santiago. Por último, os datos sobre o turismo de cruceiros e emprego xerado polo turismo proceden de Puertos del Estado e do Instituto Galego de Estatística, respectivamente.

Turismo internacional

A estatística FRONTUR permítenos coñecer datos básicos sobre o turismo internacional que chega a Galicia e realiza actividades culturais, e o peso en porcentaxe que este tipo de turista ten sobre o total de entradas internacionais ou sobre o total de chegadas por ocio, recreo ou vacacións.

Hai que ter en conta, tal e como indica o Instituto de Estudios Turísticos, que os turistas que realizan actividades culturais deben diferenciarse daqueles que fan a súa viaxe por motivos de ocio, recreo ou vacacións. Hai visitantes que independentemente do motivo polo da súa viaxe realizan actividades culturais. A meirande parte dos turistas estranxeiros realizan actividades culturais no seu lugar de destino.

Indicadores das entradas de turistas internacionais que realizan actividades culturais na súa estadía en Galicia

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Número de turistas (en miles)	634,5	634,4	488	404,7	463,6	440	432,6
% respecto do total de España	2,0	2,0	1,8	1,5	1,6	1,4	1,3
% respecto ao total de entradas de turistas internacionais por ocio, recreo ou vacacións	89	98,3	119,1	130,2	97,5	87,1	89,6
% respecto ao total de entradas de turistas internacionais	61,6	68,0	64,1	58,7	54,5	51,1	51,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

En 2013 visitaron Galicia 432 600 turistas culturais procedentes do estranxeiro, o cal supuxo algo máis da metade do total de turistas internacionais. Tal como se pode apreciar na gráfica que mostra a evolución temporal dos últimos anos, as entradas de turistas estranxeiros á comunidade galega caeu de xeito significativo en 2009 e 2010. A partir de 2011 a tendencia é de certa estabilidade. En comparativa e dende unha análise global do conxunto do Estado o peso deste tipo de turista recuperou practicamente os niveis de 2007.

Entradas de turistas internacionais que realizan actividades culturais (en miles)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Galicia recibe o 1,3% do total de turistas culturais estranxeiros que chegan a España. As comunidades preferidas son, en primeiro lugar e a moita distancia do resto, Cataluña seguida por Andalucía, as Illas Baleares, Canarias e Madrid. En conxunto supoñen o 83,8% dos turistas culturais. Galicia ocupa o 9º lugar. En contraste con isto, resulta

destacable o feito de que a proporción de turistas culturais sobre o total de turistas por ocio recreo e vacacións en Galicia é superior á española. Se estes comprenden 6 de cada 10 das entradas por estes motivos ao territorio nacional, son 9 de cada 10 dos que visitan a comunidade galega.

Comparativa autonómica da porcentaxe de entradas de turistas internacionais que realizan actividades culturais segundo comunidade autónoma de destino

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Andalucía	17,0	16,6	15,3	15,7	15,1	15,2	15,3
Aragón	0,7	0,8	0,8	0,7	0,6	0,5	0,4
Asturias	0,4	0,4	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5
Baleares	16,1	14,4	15,3	16,1	15,5	14,5	15,2
Canarias	12,0	12,1	11,0	10,1	10,6	11,5	12,0
Cantabria	0,7	0,7	0,8	0,7	0,7	0,6	0,6
Castela e León	1,9	1,9	1,8	1,6	1,7	1,5	1,4
Castela-A Mancha	0,4	0,4	0,4	0,3	0,3	0,3	0,2
Cataluña	27,4	28,2	28,3	27,9	30,1	31,5	31,5
Comunidade Valenciana	8,6	9,4	8,0	9,0	9,4	8,0	7,8
Estremadura	0,3	0,4	0,3	0,3	0,3	-	-
Galicia	**2,0**	**2,0**	**1,8**	**1,5**	**1,4**	**1,5**	**1,3**
Madrid	8,8	9,3	12,3	11,9	10,5	10,7	9,8
Murcia	1,1	1,0	1,3	1,2	1,0	0,6	0,8
Navarra	0,4	0,4	0,5	0,4	0,4	0,4	0,3
País Vasco	2,0	1,8	1,7	1,9	1,8	2,2	2,4
A Rioxa	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

No que se refire ao gasto, tal e como se pode ver nas táboas seguintes, os turistas culturais na comunidade galega gastaron máis de 560 millóns de euros en 2013, a maior cantidade dos últimos seis anos, e que supón o 77,7% do gasto total en viaxes. Como se pode ver, o gasto descende ata o 2010 e a partir de aí experimenta un incremento.

Indicadores de gasto de turistas internacionais que chegan a Galicia e realizan actividades culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total (Millóns euros)	582,1	573,4	517,1	477,9	522,2	544,1	561,4
Gasto medio por turista (euros)	917	904	1 060	1 181	1 224	1 236	1 298
Porcentaxe En % do gasto total en viaxes	1,9 74,4	1,9 76,9	1,8 76,2	1,7 73,9	1,7 77,1	1,7 76,8	1,6 76,6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

O gasto medio do turista internacional que chega a Galicia e realiza actividades culturais supera á media estatal a partir de 2009, como se aprecia na seguinte gráfica.

En 2013, na comunidade galega os estranxeiros gastaron 1 298 euros de media, 225 euros más ca a media en España.

Gasto medio por turista internacional que chega a Galicia e realiza actividades culturais (en euros)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Galicia ocupa o cuarto lugar por detrás de Asturias, Castela-A Mancha e Madrid en gasto medio realizado polos turistas internacionais cando visitan a nosa comunidade autónoma e é un 17,3% superior ao gasto medio realizado no conxunto de España como amosa a seguinte gráfica.

Gasto medio (2013) por turista internacional que realiza actividades culturais segundo destino (en euros)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Se se compara o gasto total en viaxes dos turistas estranxeiros que realizan actividades culturais nas diferentes comunidades, encabeza a lista Cataluña cun gasto total que ascende a máis de 10 000 millóns de euros en 2013, o que supón un 70,7% do gasto total que realizan os turistas estranxeiros en España. Galicia ocupa o sétimo posto nesta lista, cun gasto total de máis de 561 millóns de euros en 2013, o que supón un aumento dun 3,2% con respecto a 2012. Este gasto total dos turistas estranxeiros en Galicia é moi superior ao do ano 2010, data que marca a cifra máis baixa da serie temporal 2007-2013. A partir dese ano comeza a aumentar de forma significativa todos os anos posteriores.

Comparativa autonómica do gasto total en viaxes dos turistas internacionais que realizan actividades culturais segundo destino (millóns de euros)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total España	30 053,9	30 707,2	28 158,1	28 018,8	29 500,6	31 902,2	34 994,5
Andalucía	5 640,3	5 555,3	4 717,4	4 938,5	4 926,6	5 164,3	5 751,6
Aragón	219,1	252	227	220,3	237,3	194,7	171,9
Asturias	130,2	151,2	160,4	182,8	236,8	218,3	234,2
Baleares	4 919,9	4 507,6	4448	4 464,8	4 615,2	4 528,3	5 114,8
Canarias	4 349,6	4 510	3 629,9	3 166,1	3 432,9	3 857,6	4 346,1
Cantabria	228,4	238	236,2	214,3	213,1	175,7	192,8
Castela e León	545,4	491,7	468,8	373,2	444	443,9	487,8
Castela-A Mancha	157,7	148,2	153,3	106,5	115,3	140,6	115,1
Cataluña	6 380,2	7 215,2	6 605,9	6 891,7	7 571,1	9 319,3	10 245,2
Comundade Valenciana	2 518,8	2 641,9	1 999,2	2 152,7	2 218,3	2 285,1	2 444,4
Estremadura	70	84,4	70,9	81,3	-	-	-
Galicia	582,1	573,4	517,1	477,9	513,2	544,1	561,4
Madrid	3 403	3504	4 095,4	3 993,9	4 054,4	4 080,4	4 291,3
Murcia	337,5	352,3	381,8	319,2	306,9	256	294,8
Navarra	85	79,6	105,6	70,9	89,3	99,4	95,1
País Vasco	457,1	376,9	316,9	349,3	430,5	468,3	558,6
A Rioxa	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Os avances de datos de FRONTUR de decembro de 2014 indican un aumento moi importante dos turistas internacionais do que se benefician todas as comunidades autónomas de España. O gasto dos turistas estranxeiros tamén ofrece unha evolución positiva. Galicia recibiu máis dun millón de turistas estranxeiros, o que supuxo un incremento dun 20,3%.

Turismo nacional

Os turistas culturais que chegan a Galicia procedentes do resto de España descenden dende 2010. De xeito semellante ao que acontece co turismo en xeral, a celebración do Ano Santo Compostelán de 2010, influíu de xeito notorio nos movementos turísticos culturais dos españois a Galicia, obténdose nese ano os datos máis positivos de toda a

serie que analizamos. O descenso absoluto ven acompañado tamén dun de scenso proporcional con respecto do total de viaxes de ocio e vacacións e das viaxes en xeral con destino na nosa comunidade. En 2013 a comunidade galega experimenta un descenso do 28,6% nas viaxes dos visitantes españois, unha tendencia negativa superior á media estatal que se sitúa nun -12,9%.

Viaxes de residentes en España a Galicia, realizadas principalmente por motivos culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
TOTAL (En miles)	499,8	550,1	488,0	577,1	536,8	491,5	350,7
% respecto ao total de viaxes por ocio, recreo ou vacacións	14,4	15,9	12,9	16,4	16,2	12,8	10,1
% respecto ao total de viaxes	5,8	6,4	5,6	7,2	7,1	6,0	4,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Por comunidades autónomas, Galicia ocupa o sexto lugar segundo o número de turistas culturais españois recibidos, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid, Castela e León, Aragón e Castela-A Mancha.

Comparativa autonómica das viaxes de residentes en España realizadas principalmente por motivos culturais segundo destino

	Total	Porcentaxe
Andalucía	1 316 500	13,9
Aragón	455 600	4,6
Asturias	280 200	2,8
Baleares	122 500	1,2
Canarias	170 800	1,7
Cantabria	278 700	2,8
Castela e León	776 400	7,8
Castela-A Mancha	426 000	4,3
Cataluña	944 000	9,5
Comunidade Valenciana	336 200	3,4
Estremadura	184 700	1,9
Galicia	350 700	3,5
Madrid	828 900	8,4
Murcia	-	-
Navarra	163 800	1,7
País Vasco	266 900	2,7
A Rioxa	172,3	1,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Tal como se observa na seguinte gráfica, o gasto en viaxes a Galicia dos residentes en España baixou 27,7 millóns de euros entre o ano 2012 e 2013, cun descenso sensiblemente máis moderado no último ano, pero que supón unha redución do gasto dun 46,5% con respecto ao último Ano Santo Compostelán en 2010.

Evolución do gasto total en viaxes de residentes en España realizados principalmente por motivos culturales segundo destino



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

A comunidade galega pasou de ser a terceira autonomía receptora do gasto en 2010 (só por detrás dos dous grandes polos de atracción turística: Andalucía e Cataluña) a ocupar a sexta posición tras Castela–A Mancha e Aragón. O gasto por cada viaxe acadou os 348 euros en 2013. Este dato é moi relevante xa que significa que Galicia é o primeiro destino cultural peninsular dos españois por gasto medio da viaxe. Cómpre tamén subliñar que no último ano de referencia, do total de gasto efectuado polos residentes en España en Galicia nas viaxes por ocio, recreo ou vacacións, un 19,6% procede de visitantes atraídos pola nosa cultura e patrimonio.

Gasto dos residentes en España que chegan a Galicia en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total (En millóns de euros)	161,5	167,9	184,5	228,5	183,3	149,9	122,2
Por viaxe realizada (En euros)	323	305	378	396	342	304	348
Porcentaxe	2,6	2,6	3,0	3,4	2,9	2,9	2,9
En % respecto ao gasto en viaxes por ocio, lecer ou vacacións	23,2	26	26,5	33,7	28,0	24,9	19,6
En % respecto ao gasto total en viaxes	11,9	10,2	12,7	17,4	14,4	12,1	11,3

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

O avance dos datos de ocupación hoteleira de 2014 amosan unha evolución positiva en Galicia. As pernoctacións de españois en Galicia aumentaron un 16% con respecto de 2013 e un 33% dende 2011. A última conxuntura publicada polo Instituto de Estudios Turísticos de España (datos de novembro) con respecto aos movementos dos residentes amosa un aumento moi importante dos desprazamentos de fin de semana dentro do

territorio nacional. Ata agosto de 2014 as viaxes con destino Galicia non ofrecían un descenso destacable.

Turismo cultural dos galegos

No tocante ás viaxes culturais do galegos, estes experimentan un descenso en 2012 e 2013 despois do reponte de 2011. Por comunidades autónomas, Galicia ocupa o noveno lugar en turismo cultural emisor.

Viaxes realizadas polos galegos principalmente por motivos culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Número de viaxes	599,5	680,2	503,9	465,8	556,6	435,4	315,2
En % da poboación da comunidade autónoma	22,0	24,9	18,4	17,0	20,3	15,7	11,4
En % respecto ao total de viaxes por ocio, recreo ou vacacións	18,4	19,9	13,7	15,6	18,9	12,7	10,7
En % respecto ao total de viaxes	6,8	7,7	5,7	6,3	7,9	6,2	4,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

En consonancia co descenso do consumo, o gasto nas viaxes dos galegos realizadas por motivos culturais ten un comportamento semellante. En 2013 obsérvase a cifra máis baixa dos últimos 7 anos con 150 millóns de euros.

Gasto dos galegos en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total (en millóns de euros)	244,9	326,6	250,5	221	249,6	168,2	150
Por viaxe realizada (en euros)	409	480	497	474	448	386	476
Por habitante (en euros)	90	119	91	81	91	61	54
% respecto ao gasto en viaxes por ocio, recreo ou vacacións	37,4	44,7	37,4	41,0	41,2	29,4	27,0
% respecto ao gasto total en viaxes	16,3	17,7	15,4	17,6	19,8	15,9	15,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

O avance dos datos de Familitur de 2014 indican un forte incremento das viaxes dos galegos polo resto de España.

O Camiño de Santiago

Para o turismo cultural en Galicia o Camiño de Santiago é un dos principais motores deste tipo de actividade. Os peregrinos fan o camiño sobre todo por motivos relixiosos e cada vez máis por motivos culturais, tal como se desprende das estatísticas da Oficina de Acollida ao Peregrino en Santiago. Esta entidade recolle datos de peregrinos que acoden as súas dependencias para que se lles expida o certificado da peregrinación, coñecido como "Compostela".

O número total de peregrinos aumentou dende 2007 nun 52,1%, destacando sobre todo a cifra máis alta que se rexistrou en 2010 por ser Ano Santo. A partir de 2011 rexístrase un descenso importante e despois unha tendencia ascendente, de tal xeito que en 2014 rexistrouse a cifra máis elevada de peregrinos nun ano diferente ao Ano Santo (237.886 peregrinos).

Evolución do número total de peregrinos que fan o Camiño de Santiago



Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Un dato salientable relacionado co aumento de número de peregrinos é o crecemento cada vez máis significativo dos peregrinos estranxeiros. Segundo as estatísticas de peregrinos, agás nos anos 2009, 2010 e 2011, é dicir, o Ano Santo e os anos inmediatamente anterior e posterior, o número de peregrinos estranxeiros é superior ao de peregrinos españois, acadando a porcentaxe de peregrinos estranxeiros máis alta da serie temporal en 2014, cun 52,2% do total. Por outra banda, o número de peregrinos españois, sen ter en conta o Ano Santo no que se rexistrou a cifra máis elevada de peregrinos do período, experimenta tamén un incremento global algo máis moderado que os peregrinos estranxeiros.

Evolución do número de peregrinos españois e estranxeiros



Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Número de peregrinos españois por lugar de procedencia

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Total	**55 326**	**60 992**	**79 007**	**189 321**	**98 985**	**95 274**	**105 891**	**113 624**
Andalucía	7 420	8 568	11 261	24 941	15 959	14 592	17 880	20 255
Aragón	1 435	1 443	1 811	4 071	2 260	2 197	2 060	2 141
Asturias	1 059	1 203	1 329	4 315	2 044	2 122	2 115	2 336
Baleares	962	1 001	1 101	2 468	1 465	1 209	1 338	1 371
Canarias	1 159	1 268	1 638	3 797	2 378	2 272	2 458	2 801
Cantabria	385	448	841	2 124	935	946	971	1 031
Castela e León	3 904	3 869	5 276	13 163	6 614	6 917	7 584	7 427
Castela A Mancha	2 138	2 729	3 754	9 048	4 736	4 588	5 667	6 031
Cataluña	7 835	8 750	11 350	20 668	14 362	12 763	12 258	13 304
Comunidade Valenciana	6 668	7 665	9 844	17 246	11 243	10 674	11 908	13 043
Estremadura	1 575	1 335	2 201	4 614	2 673	2 463	3 245	3 065
Galicia	3 933	4 392	5 574	34 320	7 002	7 263	7 929	7 877
Madrid	9 838	10 671	13 829	34 029	16 946	17 660	20 098	22 090
Murcia	1 359	1 784	2 447	3 415	2 383	2 359	2 788	3 044
Navarra	927	899	983	2 056	1 305	1 347	1 267	1 347
País Vasco	3 993	4 285	4 853	7 199	5 662	4 865	5 135	4 935
A Rioxa	342	390	463	1 011	493	519	598	553
Ceuta	78	100	121	223	153	151	158	191
Melilla	41	28	23	113	88	70	122	99
Outros[1]	275	164	308	500	284	297	312	683

Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Na táboa anterior danse datos do número de peregrinos españois por comunidade autónoma ou lugares de procedencia. En xeral, os andaluces, cataláns e madrileños son os que encabezan a lista de número de peregrinos. En canto aos galegos, no Ano Santo o número de peregrinos foi case 5 veces superior ao do ano anterior.

Por outra banda, no tocante aos peregrinos estranxeiros cómpre salientar que no período analizado neste informe, fixeron o Camiño de Santiago máis de 690 000 peregrinos procedentes de 180 países. Os europeos seguen a ser os máis numerosos debido á tradición cultural que ten o Camiño de Santiago no continente europeo. Pero cada vez hai máis peregrinos que proceden de América, especialmente dos Estados Unidos e Canadá, ou mesmo de Asia e Oceanía. Así, por exemplo, os peregrinos procedentes de Asia, especialmente de Corea, aumentaron un 85% entre 2007 e 2014 e os australianos un 79,2%. Na seguinte táboa ofrécense datos da evolución do número de peregrinos estranxeiros por continentes.

[1] Nas estatísticas da Oficina de Acollida do Peregrino aparecen nesta categoría os peregrinos como "Españois residentes no estranxeiro".

Evolución do número de peregrinos estranxeiros por continentes

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
África	318	316	325	472	599	823	846	786
América	7 211	7 420	8 277	13 342	11 962	16 179	21 056	24 150
Asia	946	1 525	1 806	2 760	3 145	4 132	4 837	6 341
Europa	49 242	53 584	55 215	66 022	68 242	73 825	79 613	88 560
Oceanía	983	1 184	1 218	1 412	1 590	2 263	3 621	4 422

Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Segundo as estatísticas do rexistro de peregrinos que recollen "A Compostela" na Oficina do Peregrino en Santiago desde xaneiro de 2007 a decembro de 2014 constátase que, agás no ano 2010, a motivación relixioso-cultural ou só cultural adquire cada vez maior importancia, tal como se pode observar na seguinte gráfica.

Porcentaxe de persoas que fixeron o Camiño de Santiago por diferentes motivacións (2014)



Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Turismo de cruceiros

En 2013 chegaron aos portos galegos máis de 340 000 turistas de cruceiros, unha cifra que se sitúa un 12, 4% por debaixo do ano anterior, por mor fundamentalmente do retroceso do porto de Vigo que foi o único porto galego que perdeu pasaxe, concretamente un 28,5%. Os motivos que alegan os enquisados abranguen un amplo abano de opcións, dende o descanso (44,8%) ou o pracer de navegar (37,1%,) ata o interese por coñecer outros países (29,4%) ou vivir a experiencia (8,9%), entre outros.

A práctica totalidade dos viaxeiros (97,4%) realiza algunha actividade na cidade de escala; destes un 74% pasea pola cidade; un 62,7% vai de compras; un 23,4% visitan lugares de especial interese turístico, esa mesma porcentaxe realiza turismo gastronómico e un 9,9% visitan museos e monumentos.

Á espera de que Puertos del Estado publique os datos estatísticos de 2014, na táboa seguinte amósase a información facilitada por esta fonte ata o 30 de novembro do pasado ano, aínda que non é prudente proceder á súa análise dada a provisionalidade dos datos.

Número de pasaxeiros de cruceiros nos portos de Galicia a data novembro 2014

Autoridade Portuaria	2012	2013	2014*
A Coruña	140 890	156 890	116 891
Ferrol-S.Cibrao	7 069	10 853	38 630
Vigo	240 252	171 800	171 090
Vilagarcía	2 012	2 199	1 032
Total portos galegos	390 223	341 742	327 643

Fonte: Puertos del Estado

*30 de novembro 2014

Emprego

No tocante ao emprego neste sector, non se pode desagregar o impacto que ten unicamente o turismo cultural, pero si facer unha estimación en función do peso que este último ten sobre o xeral.

As recomendacións internacionais inclúen como actividades características do turismo as seguintes ramas de actividade:

- 55 Servizos de aloxamento.
- 56 Servizos de comidas e bebidas.
- 79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.

En 2014 o número de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en actividades relacionadas co turismo, acadou o valor de 71 176 (64,9% en réxime xeral e 35,1% en réxime de autónomos), representando un 7,75% do total de afiliacións á Seguridade Social na comunidade galega.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social no sector do turismo en Galicia



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Como se pode ver na evolución temporal na gráfica, o emprego do sector do turismo ten unha evolución máis positiva que o conxunto. O efecto do Ano Santo Compostelán de 2010 foi determinante para a creación de emprego en 2010, mentres descendía o número de afiliacións á seguridade social no conxunto.

Por provincias, A Coruña é que máis emprego xera no sector, pero Ourense é a provincia na que máis peso ten o turismo respecto do total. Esta mesma provincia é tamén a que ten a maior proporción de traballadores autónomos e Pontevedra a que conta coa maior porcentaxe de empregados por conta allea no sector do turismo.

A partir dos datos que ofrecemos arriba sobre o gasto dos turistas culturais podemos cifrar nun 37,7% o que este representa con respecto do total do gasto dos turistas. Esta cifra da unha idea do efecto do turismo cultural sobre o emprego.

Conclusións

O número de turistas que viñeron a Galicia atraídos pola súa cultura foron 783 300 en 2013, dos que 350 700 viñeron doutras parte de España e 432 600 do estranxeiro. Esta cifra significa que para o 55,2% dos turistas estranxeiros e o 44,7% dos españois a cultura foi un dos motivos principais polo que se achegaron aquí. O gasto que realizaron estes visitantes situouse en máis de 683,6 millóns de euros.

Galicia recibe tan só o 1,3% do total de turistas culturais estranxeiros que chegan a España. En contraste con isto, resulta destacable o feito de que a proporción de turistas culturais sobre o total de turistas por ocio recreo e vacacións en Galicia (9 de cada 10) é superior á española (6 de cada 10). Os turistas culturais estranxeiros gastaron máis de 560 millóns de euros en 2013, a maior cantidade dos últimos seis anos, e que supón o 77,7% do gasto total en viaxes. O gasto medio supera á media estatal a partir de 2009. En 2013, na comunidade galega os estranxeiros gastaron 1 298 euros de media, 225 euros más ca no total de España. O avance de datos de 2014 auguran uns bos resultados para o turismo cultural en Galicia.

A diferenza dos estranxeiros, os turistas culturais que chegan a Galicia procedentes do resto de España descenden dende 2010. A celebración do Ano Santo Compostelán influíu de xeito notorio nos movementos turísticos de carácter cultural en Galicia acadando unha marca que aínda non foi superada. Por comunidades autónomas, Galicia ocupa o sexto lugar segundo o número de turistas culturais españois recibidos. O gasto en viaxes a Galicia dos residentes en España baixou 27,7 millóns de euros entre o ano 2012 e 2013. O gasto por cada viaxe acadou os 334 euros en 2013. Galicia é o primeiro destino cultural peninsular dos españois por gasto medio da viaxe.

No tocante as viaxes culturais do galegos, estes experimentan un descenso en 2012 e 2013 despois do reponte de 2011. En consonancia co descenso do consumo, tende a descender o gasto nas viaxes dos galegos realizadas por motivos culturais. En 2013 obsérvase a cifra máis baixa dos últimos 7 anos con 150 millóns de euros. O avance dos datos de Familitur de 2014 indican un forte incremento das viaxes dos galegos polo resto de España.

Con respecto aos peregrinos, en 2014 rexistrouse a cifra máis elevada de peregrinos nun ano diferente ao Ano Santo (237 886). Un dato salientable relacionado co aumento de número de peregrinos é o crecemento cada vez máis significativo dos peregrinos estranxeiros que chegaron ao 51,3% en 2014. Os europeos seguen a ser os máis numerosos debido á tradición relixiosa e a dimensión cultural que ten o Camiño de Santiago no continente europeo. Pero cada vez hai máis peregrinos que proceden de América, especialmente dos Estados Unidos e Canadá, ou mesmo de Asia e Oceanía. Así, por exemplo, os peregrinos procedentes de Asia, especialmente de Corea, aumentaron un 85 % entre 2007 e 2014 e os australianos un 79,2 %. Dentro dos españois, son os andaluces, cataláns e madrileños os que encabezan a lista de número de peregrinos.

En 2014 o número de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en actividades relacionadas co turismo, acadou un 7,75% do total na comunidade galega. Se temos en conta que o gasto dos turistas culturais representa un 37,7% do total do gasto dos turistas, podemos intuír o efecto deste tipo de turismo sobre o emprego.